

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN DE ALTAS CAPACIDADES DE GALICIA PARA REGULAR A CESIÓN DE ESPAZOS NA FACULTADE DE PSICOLOXÍA

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.

COMPARECEN

Dunha parte, D. Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) segundo nomeamento efectuado polo Decreto 57/2018, do 31 de maio (DOG do 5 de xuño, actuando no seu nome e representación d con CIF Q1518001A, e domicilio na Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela.

Doutra parte Da. M^a Luisa Dequidt Herrero, actuando en calidade de Presidenta da Asociación de Altas Capacidades de Galicia (en adiante ASAC), CIF G-15515588, con domicilio social na Rúa do Tambre, nº 17, CP 15705, Santiago de Compostela.


EXPOÑEN

Primeiro.- Que a USC e ASAC subscribiron un Convenio Marco o 15 de maio de 2009, para establecer as pautas das distintas colaboracións a desenvolver entre as dúas entidades. Ao abeiro do convenio, asinouse na mesma data un Acordo Específico que regulaba a cesión de espazos da Facultade de Psicoloxía para a realización de actividades por parte de ASAC.

Segundo.- O Acordo Específico vinculaba a súa vixencia á do Convenio Marco, isto é, catro anos con renovacións automáticas, salvo denuncia expresa.

Terceiro.- Aínda que o Convenio Marco continúa vixente, en cumprimento da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, faise necesario actualizar o Acordo Específico asinado o 15 de maio de 2009, que queda sen efecto coa subscrición do presente Convenio.

Tendo en conta o exposto, a Universidade de Santiago de Compostela e a Asociación de Altas Capacidades de Galicia establecen as condicións da súa colaboración de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- FINALIDADE DO CONVENIO

O obxecto deste acordo é a cesión gratuíta de espazos no edificio da Facultade de Psicoloxía, propiedade da USC, para que a asociación ASAC desenvolva o seu programa de enriquecemento baixo a coordinación das responsables da Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades da USC.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A USC, a través da Facultade de Psicoloxía, porá a disposición de ASAC, de xeito gratuíto, as aulas e/ou seminarios necesarios para o desenvolvemento das súas actividades. Estas terán lugar os sábados, en horario de mañá e cunha periodicidade quincenal ou semanal, dependendo das necesidades da Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades, e tendo en conta que non interfira nas actividades propias do centro.

A ASAC colaborará coa actividade docente da Facultade de Psicoloxía impartindo seminarios e prestando colaboración na recollida de datos da materia TFG.


A ASAC, de acordo coas condicións que se aplican a todos os casos de cesión de espazos da Facultade de Psicoloxía, farase cargo tanto do custo de contratación do persoal de seguridade, que é necesario para garantir a adecuada condición da apertura do Centro nos sábados, como do custo de contratación do persoal de limpeza, que garanta que as instalacións queden nas mesmas condicións nas que estaban antes da realización das actividades desenvolvidas, así como calquera outro gasto que se derive da cesión dos espazos especificados neste convenio.

A ASAC farase cargo do control e prevención de riscos do persoal que colabore nos espazos cedidos froito da actividade que desenvolve nos mesmos.

A ASAC comprométese a coidar das instalacións e o mobiliario e equipamento que conteñan, e a mantelas en perfecto estado de conservación.

A cesión do espazo necesario para as finalidades deste convenio farase sen que causen ningún tipo de prexuízo na organización e desenvolvemento das actividades ordinarias da Universidade". Respectaranse, en todo caso, as necesidades e prioridades da Facultade de Psicoloxía.

Calquera outro espazo da Universidade que precise a ASAC, e que non estea regulado no presente convenio, deberá ser solicitado expresamente, estando ao disposto nas "Normas para a xestión da cesión temporal de uso dos espazos para a celebración de actividades extra-académicas na USC".



TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE

A realización do presente convenio non supón relación laboral algunha entre a USC e o persoal da ASAC, nin implica máis obrigas que as sinaladas no acordo.

A USC quedará exenta de calquera responsabilidade fronte a terceiros polas actividades desenvoltas pola ASAC ao abeiro do presente convenio.

CUARTA.- ESTABLECEMENTO DA COMISIÓN MIXTA

Para facilitar o seguimento, interpretación e cumprimento do actual convenio, constituirase unha Comisión Mixta integrada pola directora da Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades, pola decana da Facultade de Psicoloxía, ou pola persoa na que delegue, e pola presidenta da ASAC, ou pola persoa na que delegue.

A Comisión Mixta ditará as súas normas internas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

QUINTA.- AUTORIZACIÓN DOS ASINANTES E PUBLICIDADE

As persoas que asinan o presente Convenio manifestan o seu consentimento e autorización para incorporar os seus datos persoais e o resto das especificacións contidas no mesmo.

A información contida no presente convenio poderá ser obxecto de publicidade nos termos establecidos no artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno (BOE 10/12/2013).



As partes poderán facer constar a presente colaboración, sen que isto supoña autorización de uso da imaxe corporativa para un fin diferente ao das actividades reguladas no convenio e sendo necesaria, en todo caso, a autorización expresa da USC para facer uso do seu logotipo por calquera medio de difusión.

SEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

A USC e a ASAC respectarán todas as previsións legais establecidas na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

SÉTIMA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

O presente Convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia por un período de un (1) ano. Entenderase a renovación automática por períodos anuais, ata un máximo de catro (4) anos, se ningunha das partes comunica a súa intención de non renovalo cun preaviso de dous meses.

OITAVA.- MODIFICACIÓN E RESCISIÓN

As partes poderán modificar ou denunciar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo. Calquera das partes poderá denunciar o presente convenio, comunicándoo por escrito á outra parte con dous meses de antelación á data na que o vaia dar rematado, no suposto de incumprimento das condicións establecidas no acordo.

NOVENA.- XURISDICIÓN

A USC e a ASAC comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente acordo.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que se puideran presentar en orde á interpretación ou cumprimento do presente convenio aos Xulgados da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, dado o carácter público da USC.


E, en proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado o presente documento, que deixa sen efecto o Acordo Específico de 15 de maio de 2009, no lugar e data arriba indicados.

Universidade de Santiago de Compostela

Asociación de Altas Capacidades de Galicia

O Reitor,

A Presidenta,



Antonio López Díaz



Mª Luisa Dequidt Herrero